



A intelixencia artificial e a literatura oral serán protagonistas no Galeusca

O Galeusca celebrará, o próximo 20 de setembro no Museo do Pobo Galego, a súa 41ª edición coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) como anfitrión. Este ano os debates versarán sobre a intelixencia artificial e o seu impacto nas linguas minorizadas ou a importancia de pór en valor a literatura tradicional oral para a consolidación dos idiomas, entre outros temas. Así, as asociacións de escritores e escritoras da Galiza, Euskadi e Catalunya danse cita en Compostela

Alba Regueiro

12 de setembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/intelixencia-artificial-literatura-oral-seran-protagonistas-galeusca/20250912202745233750.html>

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega será a anfitrión neste 2025 do Encontro Galeusca, que reúne representantes da Euskal Idazleen Elkarte (EIE), da Associació d'Escriptors en Llengua Catalana (AELC) e da AELG, as cales agrupan en conxunto preto de 2.800 autoras e autores no conxunto das tres entidades.

Na rolda de prensa da presentación desta edición, que tivo lugar esta sexta feira en Compostela, estiveron presentes **Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, telematicamente Oihana Arana, do Consello directivo da EIE e Sebastià Portell, presidente da AELC, e Goretti Sanmartín, alcaldesa da cidade**, que destacou a importancia da literatura en todos os xéneros, de maneira especial no teatro e na poesía pola súa relevancia nas musicacións e recitados.

Nova xeira

Este ano, o Galeusca escolleu a imaxe das Dúas Marías para o seu cartel, con este simbolismo queren dar a coñecer e visibilizar a historia de Maruxa e Coralia, así como recoñecer a súa importancia como referentes galegas, tal e como explica Cesáreo Sánchez a *Nós Diario*.

O Galeusca será un espazo de diálogo no que se poñerá en común perspectivas sobre a creación escrita nos sistemas literarios dos tres países recuperando e ampliando, deste modo, os vínculos e as reflexións conxuntas realizadas en anteriores encontros, centrándose, neste caso, en temas de actualidade como o impacto da intelixencia artificial desde a perspectiva das linguas e literaturas minorizadas, así como os camiños e incidencias que esta pode ter na escrita.

Do mesmo modo, tamén, se abordará a importancia da literatura de tradición oral, recentemente homenaxeada nas Letras Galegas 2025. Para Sánchez é fundamental ter moi presente a oralidade da literatura, así como todos os seus xéneros, posto que **"a literatura é imprescindible para a consolidación dun idioma e para garantirlle un futuro"**.

Considera que é fundamental reflexionar sobre as funcións que ten o Galeusca "que permite pór en valor e dar alcance a moitas escritoras e escritores nun momento no que as linguas minorizadas continúan a perder falantes e no que os gobernos non están polo labor de facer nada ao respecto".

Por iso, "é fundamental ter xornadas como a que nós organizamos, xa que axudan a tecer vínculos entre as autoras e comprobar que non estamos soas, así como establecer comunicacións reais entre as diferentes linguas", ademais "estas relacións poden contribuír á realización de traducións que permitan coñecer obras por exemplo galegas en Euskadi ou Catalunya".

O encontro dará inicio o próximo 19 de setembro e as asistentes serán recibidas pola alcaldesa de Santiago na Casa do Concello, a continuación **levárase a cabo un roteiro pola cidade guiado polo escritor Daniel Asorey**. Ao día seguinte, o Museo do Pobo Galego acollerá os espazos de debate e reflexión no que participarán **figuras como Marta Dacosta, Rubén Cela, Antonio Reigosa ou Alba María**.

Do mesmo modo, darase conta do relatorio realizado sobre a traxectoria de Galeusca que correrá a cargo de Goizalde Landabaso da EIE. As presidencia das tres entidades farán publico un manifesto coas reflexións e pensamentos que se deron na xornada, así como as necesidades que teñen a lingua galega, vasca e catalá. Sánchez agarda que a través do manifesto "se visibilice que os escritores e as escritoras galegas forman parte doutros pobos que constrúen a súa propia cultura".

Bonaval é o lugar escollido no que se dará por clausurado o encontro desta edición, nel as asistentes poderán escoitar oas **actuacións musicais das regueifeiras Alba María e Lupe Blanco, as betsolariak Oihana Arana e Amaia Elizagoien, e as glosadors Berta Llos e Miquel Àngel Adrover**. O feche das xornadas será **a cargo da música e compositora galega Ugia Pedreira**.